

Tal día coma hoxe, hai agora exactamente cento vinte e cinco anos, morría en Padrón Rosalía de Castro. Cumpriría dicir, para ser totalmente rigorosos, que quen morría era Rosalía Castro, pois tal era o nome legal da máis importante das nosas escritoras da Idade Contemporánea, porque a preposición nobiliarizante foi unha engádegas dos editores da autora, quen si que aparecía nalgúns outros documentos con tal preposición, pero respondendo ao legalismo matrimonial que a convertía en Rosalía Castro de Murguía.

Teñen pasado ben anos, si. E, porén, o legado de Rosalía continúa máis vivo que nunca: a súa obra reeditase constantemente, os seus versos lense nas escolas como unha sorte de ladafiña devota e a súa biobibliografía é obxecto das máis diversas e complementarias monografías.

Valería dicir, facendo o similitudine, que Rosalía é moito máis que unha escritora, pois a súa figura ten sido beatificada polo pobo galego de tal xeito que cando se fala dela pesa no noso ánimo todo un complexo proceso de simbolización que foi sendo tecido pola intelixencia galeguista da pasada centuria. Así, Rosalía acabou por ser a pioneira, ou a abandeirada avant la lettre, de mil e unha dimensións distintas. Por iso a percepción xeneralizada é que non hai unha, senón moitas Rosalías: a Rosalía patriota, a Rosalía saudosa, a Rosalía feminista, a Rosalía intelixente observadora das nosas tradicións e costumes, a Rosalía telúrica e ecolóxica, a Rosalía paisaxista, a Rosalía proletaria... Todas son Rosalía, é innegable, pero tamén é certo que ese vizosísimo poliedro que configura a súa figura semella inesgotable e é susceptible de novas revisións que, con seguranza, no futuro continuarán a achegar orixinais consideracións ata o de agora non estimadas.

Porque o paradoxal é que, malia as ducias e ducias e ducias de libros, artigos, teses, tesinas e escritos de variadísimo xorne que se teñen dedicado á autora, aínda hoxe, cando un podería pensar que sobre Rosalía xa fica todo dito, persisten os territorios de sombra respecto de cuestións que teñen a ver coa súa biografía e mesmo coa súa produción literaria. Seguimos sabendo relativamente



Rosalía de Castro (1837 - 1885).

Todas son Rosalía

Cantares e Follas para o século XXI

ARMANDO REQUEIXO

*Cento vinte e cinco anos
despois, o seu legado
continúa vivo*

*Galicia é inequivocamente
rosaliana*

*En ningún caso estamos
diante dunha simple voz
do pasado*

*Rosalía é moito máis
que unha escritora*

pouco sobre a súa infancia e primeira adolescencia, non coñecemos moito sobre as súas estadias no Madrid da súa mocidade nin verbo do seu día a día nalgún dos destinos nos que acompañou ao que foi o seu compañeiro, Manuel Murguía. E tampouco coñecemos cuestións fundamentais relativas á súa obra, como o número exacto das tiraxes (e vendas) dalgúns dos seus títulos ou se textos como o famoso "Conto gallego" son, incuestionablemente, da súa autoría, por non falar dos moitos estudos de literatura comparada que aínda poderían redactarse facendo dialogar a nosa autora con outros escritores da literatura propia e das da nosa contorna máis (ou

menos) inmediata.

En fin, que Rosalía, como todos os clásicos indiscutibles que no mundo son, ha seguir a dar moito que ler e moito que estudar, pois ese é o pequeno grande milagre que encerra a vida e a obra dos escritores realmente xeniais, que traspasan a barreira do Tempo, perpetuándose xeración tras xeración, erixíndose nun exemplo para todas e para todos en calquera momento e lugar.

Poida que hoxe algúns sintan a Rosalía como unha voz do pasado, como unha devanceira á que cómpre respectar pero que dificilmente tería predicamento neste novo milenio. Nada máis lonxe do meu parecer. Todas e todos somos, dunha ou

doutra maneira, fillos culturais de Rosalía, pois aínda que sexa para tentar superala abrindo novas vías literarias por ela inexploradas, aínda que intentemos afondar en cuestións nas que contrapomos un discurso alternativo ao seu, aínda que procuremos que a súa alongada e benfadada sombra non nos alcance, con todo e con iso, ou xustamente por iso, ela é sempre o noso punto de partida, o quilómetro cero, o meridiano de Greenwich, o polo norte dunha literatura, dunha cultura e unha nación: a nosa, que é, ¿quen ousa dubidalo?, unha Galicia inequivocamente rosaliana.

As cinzas

Aquelas e aqueles máis cumpridores coa lembranza dos seres queridos e admirados estiveron a piques de ter ben difícil honrar a memoria da escritora. O Panteón de Galegos Ilustres, onde repousan os restos de Rosalía e de tantos outros eximios escritores e intelectuais de noso, quixo ser pechado ao público. Mal negocio para mítomanos e carpideiras, que non habían ter xa a oportunidade que tivo Manuel Curros Enríquez en setembro de 1904, cando foi depositar ante a súa tumba un monllo de flores coa dedicatoria de ben sentidos versos que todos lembramos: «Collidas á pedir de porta en porta/ (Que eu non herdey xardíns nin hortas teño)/ ¡Sombra sin paz d'a nosa Musa morta!/ Aquí estas frores a tragerche veño./ Yo espaxellas sobre a pedra fría...».

Se tal cousa tivese prosperado, non habería doada oportunidade de contemplar a lápida que o escultor Xesús Landeira fixera en 1891 para a súa sepultura e que fora custeada por subscrición nacional, a mesma que leva unha lenda na que se recorda que alí descansa "na Paz do Señor a que foi Groria da súa Patria, Señora Doña Rosalía Castro de Murguía".

Como son dos que penso que non é sensato apartar do seu curso os ríos humanos, vexo con leducia que finalmente se impuxo a sensatez e que, coa mediación de quen foi preciso, todas e todos os que queiran visitar os restos de Rosalía han facelo xa sen impedimento. Non podía ser doutra maneira, pois este non é un desexo, é unha demanda que calquera bo e xeneroso debería facer.